

# AWS Solutions Architect Associate

## Descrición

A arquitectura en AWS cobre os fundamentos da construción de infraestrutura de TI en AWS. O curso está deseñado para ensinar aos arquitectos e arquitectas de solucións como optimizar o uso da nube AWS mediante a comprensión dos servizos AWS e como estes servizos encaixan nas solucións baseadas na nube. Debido a que as solucións arquitectónicas poden diferir dependendo da industria, o tipo de aplicacións e o tamaño da empresa, este curso salienta as mellores prácticas de AWS na nube e recomenda patróns de deseño para axudar ao alumnado a pensar no proceso de arquitectura de solucións de TI óptimas en AWS. Tamén presenta casos de estudo ao longo do curso que mostran como algúns clientes de AWS deseñaron as súas infraestruturas e as estratexias e servizos que implementaron. Tamén se ofrecen oportunidades para construír unha variedade de infraestruturas a través dun enfoque práctico e guiado.

## Obxectivos

Capacitar ao alumnado como arquitecto/a de solucións Amazon Web Services. A formación está deseñada para ensinar como optimizar o uso de AWS Cloud a partir da comprensión de AWS services e de como estes servizos chegan a ser parte dunha solución cloud.

## Dirixido a

Persoas que desenvolven tarefas de administración, operación de sistemas e desenvolvemento interesadas no uso de servizos de Amazon Web Services, os requisitos serán os adecuados a estes perfís profesionais.

O alumnado deberá ser capaz de entender documentación técnica en lingua inglesa.

## Perfil do docente

Consultor cloud con máis de 20 anos de experiencia en proxectos IT tanto en contornas cloud como en contorna on-premise.

## AWS Solutions Architect Associate

Actualmente traballando como Amazon Authorized Trainer ( All) e consultor cloud para proxectos de Analítica predictiva e Machine learning.

|                              |   |
|------------------------------|---|
| <b>DURACIÓN</b>              | 40 horas  |
| <b>PROGRAMA</b>              | Programación 2019/20  |
| <b>MATRÍCULA</b>             | Gratuíta  |
| <b>METODOLOXÍA</b>           | Presencial  |
| <b>TIPO</b>                  | CURSO   |
| <b>CERTIFICACIÓN OFICIAL</b> | Sí  |
| <b>EXAME CERTIFICACIÓN</b>   | AWS Certified Solutions Architect - Associate                 |
| <b>BENEFICIOS</b>            |   |
| <b>HORARIO</b>               | De luns a venres de 09:30 a 13:30 horas.                      |
| <b>PERIODO INSCRICIÓN</b>    | 29/10/2019 - 12/11/2019                                       |
| <b>PROBA DE SELECCIÓN</b>    | 14/11/2019, 10:00   |
| <b>PERIODO DOCENCIA</b>      | 09/12/2019 - 20/12/2019                                       |
| <b>LUGAR DE DOCENCIA</b>     | Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en |
| <b>Nº PRAZAS</b>             | 16 (Mínimo 10)  |

## Temario

### Introdución e historia de AWS

- Navegar por AWS Management Console
  - Recoñecer a infraestrutura global de AWS
  - Describir as medidas de seguridade que proporciona AWS
- Almacenamento e entrega de contido de AWS

- Identificar as principais opcións de almacenamento de AWS
  - Describir Amazon EBS
  - Crear un depósito de Amazon S3 e xestionar os obxectos asociados
- Servizos informáticos e redes

- Identificar as diferentes opcións de informática e redes de AWS
  - Describir unha Amazon Virtual Private Cloud (VPC)
  - Crear unha instancia de Amazon EC2
  - Verificar como utilizar Amazon EBS
- Servizos xestionados e base de datos de AWS

- Describir Amazon DynamoDB
  - Verificar os aspectos clave de Amazon RDS
  - Executar unha aplicación específica de Amazon RDS
- Implementación e xestión

- Identificar AWS CloudFormation
- Describir as métricas e alarmas de Amazon CloudWatch
- Describir Amazon Identity e Access Management (IAM)
- Uso da infraestrutura global
- Ampliación da contorna presente nas instalacións na nube
- Informática na nube
- Deseño de subsistemas de almacenamento
- Contornas distribuídas
- Elección dun Datastore
- Deseño de aloxamento de medios escalables baseados en rede
- Escalado dirixido por eventos
- Infraestrutura como código
- Disposición do procesamento por lotes
- Avaliación de patróns de deseño a gran escala
- Deseño do custo
- Planificación da alta dispoñibilidade e a recuperación de desastres